ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO
Expte. 2186/1102

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de outubro de 2026

ASISTENTES:

Membros :
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

Dª Mª José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte de outubro de dous mil vinte e seis e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(915).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.
A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión segundo consta nas dilixencias dos servizos incorporadas nos expedientes que se someten a aprobación na presente sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o

Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 30/10/2026	Páxina 1 de 16
2186-1102 Aprobado por XGL 30/10/2026	CSV: A7B324-CB8132-2A382D-1ZXTWC-	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(916).- PROXECTO DE ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE VIGO PARA O ANO 2027. EXPTE. 104/142.

Visto o informe de avaliación da estabilidade orzamentaria, regra de gasto e do límite de débeda de data 6/10/2026 e o informe de fiscalización do 19/10/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 19/10/2026, asinado polo director superior contable e orzamentario e conformado polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES E MARCO ESTRATÉXICO

O Proxecto de Orzamentos Xerais para o exercicio 2027 fundamentouse na estrita observancia das normas e criterios de rigor técnico e financeiro esixidos pola lexislación vixente, garantindo ao mesmo tempo unha decidida vocación de servizo público e impulso económico para a cidade.

O contexto orzamentario vén delimitado polos seguintes fitos:

- O marco orzamentario remitido ao Ministerio de Facenda e Función Pública (MINHAFP) para o período 2027-2029, que foi aprobado por Resolución da Alcaldía do 05/03/2026 e asinado pola Intervención en data 09/03/2026. Deste marco deuse conta ao Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 30 de marzo de 2026, establecendo o contexto xeral no que se teñen que formar os estados orzamentarios.
- A aprobación e remisión (o 24/09/2026) das liñas fundamentais do Orzamento para o ano 2027 tanto ao MINHAFP como na información remitida á Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal (AIReF), logo de seren aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia do 22/09/2026.
- A Resolución de inicio de formación do Proxecto de Orzamento, asinada pola Alcaldía Presidencia o 04/05/2026.
- As Directrices de formación do Proxecto Orzamentario, asinadas polo Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda o 05/05/2026.

Polo tanto, o criterio xeral está solidamente fundamentado nestes documentos directrices e delimitado segundo as previsións do artigo 168 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo RDL 2/2004. Os criterios precitados aplicáronse con estrito rigor ao Proxecto do Orzamento 2027, coas adaptacións operadas pola normativa vixente que figuran xustificadas no informe económico de gastos e na memoria orzamentaria.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01
Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

II. RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

A tramitación e deseño deste orzamento aséntase no seguinte marco normativo:

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEOSF).
- Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Sistema Europeo de Contas (SEC 2010).
- Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello sobre supervisión de situacións orzamentarias e coordinación de políticas económicas, e a modificación do Regulamento 1175/2011.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL), coa modificación da LRSAL (Lei 27/2013).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.
- Orde EHA/3565/2008 (modificada pola Orde HAP/419/2014) pola que se aproba a estrutura dos orzamentos locais.
- As Bases de Execución do Orzamento

III. REGRAS FISCAIS PARA 2027 E SANEAMENTO MUNICIPAL

Tras o rexeitamento polo Pleno do Congreso dos Deputados (na sesión do 23 de xullo de 2026) dos obxectivos de estabilidade formulados polo Goberno mediante os correspondentes Acordos do Consello de Ministros, resultan de aplicación vinculante as magnitudes fixadas no Plan Fiscal e Estrutural de Medio Prazo (PFEMP 2025-2028) remitido ás institucións europeas.

1.- Estabilidade Orzamentaria:

O obxectivo esixe para o subsector local un superávit

Sector público	2027	2028	Sector público
Subsector local	0,20°%	0,20°%	Subsector local
Conxunto das AAPP	-1,80°%	-1,60°%	Conxunto das AAPP
Capacidade/necesidade de financiamento, SEC-2010, % do PIB			

S.ext.urx. 20/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

Este obxectivo e obrigatorio para o subsector, aínda que difícil de aplicar a cada entidade local, xa que non é coñecido que contribución fai individualmente cada entidade á formación do PIB nacional.

Da proxección da Liquidación Orzamentaria do ano 2026 infírese que o Concello de Vigo dará cumprimento a este obxectivo baixo as hipóteses previstas, liquidando 2026 e formando o orzamento de 2027 en equilibrio ou superávit.

2.- Regra de Gasto:

Como a súa fixación non require a convalidación das Cortes, mantense vinculante a taxa aprobada polo Consello de Ministros para estas magnitudes.

	2027	**2028**	**2029**
Regra de gasto para o conxunto das AAP	4,00%	3,80%	3,60%

Para o conxunto do país, o PFEMP marca unha evolución do 3,4% (2027) e do 3,20% (2028).

A proxección municipal de 2026 reflicte un cumprimento estrito, permitindo que este proxecto orzamentario adecúese plenamente aos límites legais establecidos.

3.- Endebedamento (fito de débeda Cero):

Mentres que o obxectivo agregado para o conxunto das Administracións Públicas marca unha senda do 98,40% no PFEMP para 2027, é preciso pór en valor dende a xestión política e técnica municipal un feito diferencial: nin o Concello de Vigo nin o seu Grupo de Consolidación presentan débeda financeira pendente de amortizar. O obxectivo atópase superado e cumprido de xeito sobresaínte por parte desta Entidade Local, sen prexuízo de proceder á adaptación caso de aprobarse novos límites estatais.

O control da débeda pública constitúe unha prioridade de supervisión fiscal. De acordo co artigo 13 da LOEPSF, o límite do 60% do PIB distribúese en: 44% para a Administración Central, 13% para as Comunidades Autónomas e 3% para as Entidades Locais.

A peche de 2025, o endebedamento consolidado das administracións públicas situouse no 100,7% do PIB (distribuído nun 20,2% para as CC.AA. e un 1,2% para as CC.LL.).

O Plan Fiscal e Estructural de Medio Prazo (PFEMP) remitido á Comisión Europea non desagrega o obxectivo por subsectores, Bruselas esixe o cumprimento dos obxectivos macroeconómicos sobre o total agregado, sendo o obxectivo o seguinte:

Endebedamento do Plan Fisca Estrutural de medio prazo	
	2027
AAPP	98,40%

IV. ANÁLISE DO PROXECTO ORZAMENTARIO: COMPROMISO SOCIAL E INVESTIDOR

O proxecto orzamentario preséntase dentro do Marco de medio prazo e das liñas fundamentais comunicadas en cumprimento das obrigas da Lei Orgánica 2/2012 e a Orde HAP/2105/2012. Tal e como fai constar a Memoria e o informe económico, as políticas de prestación de servizos básicos, emprego, promoción social, cultura, educación e deporte experimentan neste exercicio crecementos estratéxicos vitais para a cidadanía.

1.- Estado de Ingresos

Os ingresos consolidados dos entes con orzamento limitativo ascenden a 365.058.205,65 euros, consolidando un crecemento do 4,04% interanual.

- Capítulo 1 (Impostos Directos): Acada os 129.688.358,85 euros (+1,34%), o cal supón un 35,53% do orzamento total, fundamentado o incremento nas entregas á conta do IRPF (aportación do Estado de 11.440.684,85 euros, un +8,5%) e na boa xestión e evolución tendencial do IBI, IAE, IVTM e IIVTNU (+0,68%).
- Capítulo 2 (Impostos Indirectos): Ascende a 17.599.331,20 euros, rexistrando unha variación positiva do 16,59% pola reactivación derivada das previsións do ICIO ao abeiro do novo PXOM, así como polo axuste á alza no IVE e II.EE, que por transferencias estatais aportan 9.798.331,20 euros.
- Capítulo 3 (Taxas e Prezos Públicos): Sitúase en 52.091.792,00 euros (+2,45%), co que se sostén a eficacia na prestación de servizos locais.
- Capítulo 4 (Transferencias Correntes): Alcanza os 145.497.791,98 euros (+15,54%), froito do crecemento do Fondo Complementario de Financiamento (+8,5%) e a liquidación positiva do exercicio 2025.

  Recóllense tamén ingresos finalistas transcendentais para a rede de protección social da cidade: cofinanciamento de dependencia e SAF cunha achega de 17 euros/hora para 650.000 horas prestacións, cofinanciamento autonómico ao incremento do prezo tonelada de tratamento de RSU en SOGAMA, Transporte Urbano Colectivo, máis as bonificacións do Real Decreto-lei 17/2025) e fondos sociais da UE.

  *Achegas **non** condicionadas da Administración Central e Autonómica.*

S.ext.urx. 20/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01
Documento asinado

Recursos correntes non financeiros

Concepto		Admt. CENTRAL	XUNTA
10000	Cesión IRPF	11.440.684,85	
21000	Cesión IVE	7.985.903,80	
220	Cesión II.EE	1.812.427,40	
42000	F.C.Financiamento	115.599.133,39	
42011	Liqui. Definitiva 2023	4.409.281,37	
45000	F.Coop. Local		6.689.557,15
Total		**141.247.430,81**	**6.689.557,15**

*Achegas **condicionadas** que coofinancian gasto corrente.*

Recursos correntes non financeiros

Conce. Orza.	Finanidade	Ad.Central	Xunta	AXE EDIL	AXE F.Biodiv	CCVV
42090	Subvención ao Transporte Urbano Colectivo	1.492.079,82		0,00		
42091	Bonificación RD-lei 17/2025, TUC,	4.150.000,00				
45002	Lei de Dependencia, SAF		11.050.000,00			
45030	Subvención EIM		500.000,00			
45001	Fondo adicional custe tonelada tratada en SOGAMA		1.317.862,02			
45060	Subvención Oficina rehabilitación		214.400,00			
46700	Reintegro CCVV polo persoal adscrito					45.000,00
49100	Alcabre verde, Plan de Comunicación e sensibilización. FSE+				17.096,00	
	Alcabre Verde, Plan de Gobernanza e Participación, FSE+				5.301,60	
	Alcabre Verde, Plan de medición e seguimento, FSE+				4.380,72	
Total		**5.642.079,82**	**13.082.262,02**	**0,00**	**26.778,32**	**45.000,00**

- Capítulo 7 (Transferencias de Capital): Sitúase nos 11.798.161,28 euros (3,23% do orzamento), nutrido polo plan de cofinanciamento de infraestruturas da Deputación de Pontevedra, os proxectos da Fundación Biodiversidade 'Alcabre Verde', os fondos estratéxicos europeos do programa EDIL e o edificio de vivendas sociais coa achega da Xunta , xunto ao reintegro do CCVV.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2186/1102

*Achegas **finalistas** que financian o plan de investimentos*

Recursos de capital non financeiros

Concep-to	SUBVENCIÓNS DE CAPITAL	2027				
		AXE EDIL	AXD F.Bio	Xunta	Deputación	CCVV
75000	Edificio Esturáns Vivendas de alugueiro			1.187.982,00		
76127	Convenio 2027 infraestruturas				5.000.000,00	
76700	Reintegro CCVV pola aplicación do RLT					151.184,40
79100	Fundación Biodiversidade, Alcabre Verde		1.010.298,01			
79130	Transformación Entorno Urbano G. Vía, P1.A1	1.076.582,56				
79131	Mellora complexo Deportivo Travesas, P1.A2	129.600,00				
79132	Ampliación Of. Rehabilitación e Subvención Vivenda, P1.A3	63.567,57				
79133	Impulso comercio local e mercados urbanos P1.A4	33.230,77				
79134	Humaniz. entorno comp. deportivo das Travesas, P2.A1,2,3	738.266,69				
79135	Rehabilitación Museo Liste, P3.A1	58.666,67				
79136	Rehabilitación e posta en valor Museo Quiñ. de León, P3.A2	539.465,55				
79137	Mellora ambiental cambio climática P. Castrelos, P3.A3	165.000,00				
79138	Adecuación entorno Igrexa S. Tomé d Freixeiro, P3.A4	38.731,64				
79139	Dixitalización patrimonio cultural como activo turístico, P3.A5	46.933,33				
79140	Electrificación TUC e Modernización PASSVIGO	1.558.652,09				
Total		**4.448.696,87**	**1.010.298,01**	**1.187.982,00**	**5.000.000,00**	**151.184,40**

- Resume do financiamento externo

Administración cofinanciadora	Fondos finalistas	Fondos NON finalistas	Total
Admistración Estado	**5.642.079,82**	141.247.430,81	146.889.510,63
AXE EDIL (FEDER)	4.448.696,87	0,00	4.448.696,87
AXE Fundación Biodiversidade	1.037.076,33	0,00	1.037.076,33

S.ext.urx. 20/10/2026

Xunta de Galicia	14.270.244,02	6.689.557,15	20.959.801,17
Deputación	5.000.000,00	0,00	5.000.000,00
CCVV	196.184,40	0,00	196.184,40
Total	30.594.281,44	147.936.987,96	178.531.269,40

- Pasivos Financeiros: Constitúe un motivo de orgullo que este sexa o décimo primeiro ano consecutivo onde non se prevé apelación algunha ao mercado de capitais para financiar o orzamento. A totalidade dos empregos asúmense con recursos propios, convenios ou concorrencia competitiva fronte a outras administracións.

2.- Estado de gastos

- Capítulo 1 (Gastos de persoal): Está dotado con 93.888.215,02 euros (+6,56%), unha cifra que escenifica o forte compromiso co emprego público. Asume o impacto do 5,508% froito da aplicación do "Acordo Marco Estatal", incorporando ademais co atraso do 0,5% do ano 2026, que terá devengo dende o 1 de xaneiro do ano 2026 , e fai efectiva unha mellora na estrutura administrativa coa creación neta de 18 novas prazas (37 altas operadas fronte a 19 amortizacións, abarcando os subgrupos A1 (9), A2 (2), C1 (4) e C2 (22) para potenciar o servizo á cidadanía.
- Capítulo 2 (Bens correntes e servizos)**:** Alcanza os 184.593.074,42 euros (+4,33%), representando o peso maioritario do orzamento (o 50,57%). Neste aspecto reflíctese a priorización do espazo público e dos servizos directos con incrementos capitais como o mantemento de viais (2.724.518 euros), a xestión de residuos (1.293.539 euros), as zonas verdes e o Castro (+726.075 euros), así como blindaxes na atención social como o reforzo no SAF (+387.795 euros), o incremento para a EIM de Bembrive (+155.656 euros), limpeza instalacións deportivas (+760.000 euros) ou a atención turística e de patrimonio cultural (exposición J.Verne e festas), promoción turística rutas aeras, nadal....
- Capítulo 4 (Transferencias correntes): Suma 43.523.136,71 euros (+13,12%), reforzando as políticas distributivas de promoción social e convenios co terceiro sector.
- Capítulo 6 (Investimentos reais): Sobe a 39.696.098,50 euros (10,87% do orzamento). Este capítulo exemplifica un modelo de xestión autosuficiente e eficiente: o 68,52% dos empregos en infraestruturas e investimentos finánciase mediante superávit ordinario, canalizando capacidade transformadora á rúa sen hipotecar o futuro da cidade, contando tamén co apoio dos programas externos xa descritos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01
Documento asinado

3.- Equilibrio e Aforro Orzamentario

O orzamento consolidado presenta un saldo positivo por operacións correntes e un aforro neto orzamentario de 17.259.406,85 euros, garantindo a plena nivelación orzamentaria e a suficiencia dos recursos ordinarios para financiar os gastos de capital.

V. TRÁNSITO PROCEDIMENTAL, FISCALIZACIÓN E ADAPTACIÓNS DEFINITIVAS

1. Primeiras observacións do Órgano Interventor (09/10/2026): O informe de control permanente previo da Intervención Xeral Municipal constatou a correcta nivelación do proxecto, formulando observacións técnicas sobre o articulado das Bases de Execución (BEP) e advertindo a necesidade de adecuar a praza e o órgano de contabilidade reservado a Funcionario de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional (FHN) consonte ao artigo 134 da LRBRL.

2. Informes técnicos sectoriais de resposta:

- **Informe da Xefa da Área de RRHH e Formación (14/10/2026)**: Aclarou que o Cadro de Persoal de 2027 xa contempla a creación da praza de "Titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade" reservada a FHN e a amortización da praza de economista, e informou do proxecto de Regulamento Orgánico aprobado pola Xunta de Goberno Local na sesión do 09/10/2026 para a posterior adecución da RPT.
- **Informe do Tesoureiro Director Superior Contable e Orzamentario**: Analizou de xeito motivado as observacións sobre as BEP e elaborou a redacción definitiva das mesmas.

3. Depuración e reaxuste das Bases de Execución (BEP):

- **Corrección de erros de feito e dereito**: Modificáronse as citas legais nas Bases 12ª (baixas por anulación), 21ª (acumulación de fases), 30ª (contratación), 34ª (atribución temporal de funcións), 41ª (fiscalización de ingresos) e 43ª (devolución de ingresos indebidos).
- **Axustes retributivos e aritméticos**: Na Base 35ª, corrixiuse a cifra da dedicación parcial a 26 horas para 2027 (pasando de 37.085,79 euros á cantidade correcta de 49.047,16 euros tras aplicar o 5,508%), eliminouse a cita da Orde PJC/681/2025 e axustáronse os teitos do complemento específico na D.A. 7ª ao artigo 7 do RD 861/1986.
- **Precisiones técnicas e de control**: Na Base 5ª e Base 28ª, eliminouse o termo "convalidación" supeditando o tratamento da omisión de fiscalización ao artigo 28 do

S.ext.urx. 20/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01
Documento asinado

RD 424/2017. Nas Bases 7ª, 11ª e 42ª, substituíronse as prohibicións absolutas a priori pola obriga de avaliar o impacto nas regras fiscais.

- **Mantemento motivado por prudencia financeira**: Mantívose a restrición ao *factoring* sen recurso (Base 25ª) para evitar anotacións no CIRBE e riscos de reclasificación da débeda comercial polo SEC-2010, e mantívose a exixencia de aprobación previa do proxecto pola XGL para expedientes anticipados do Capítulo VI (Base 29ª).

4. Informe Definitivo da Intervención Xeral (19/10/2026): Tras a incorporación dos informes de RRHH e Tesourería e a depuración do texto das BEP, a Intervención Xeral emitiu informe definitivo favorable con data do 19 de outubro de 2026, validando a conformidade xurídica e orzamentaria do expediente

V. PROPOSTA DE ACORDO

Atopándose artellado o expediente que conforma o Proxecto de Orzamento Xeral para o ano 2027 (integrado pola propia Entidade, o Organismo Autónomo Administrativo XMU e, como anexo, as Fundacións que integran o perímetro de consolidación: MARCO, LISTE e Vigo Convention Bureau). Visto que o expediente está completo, axustándose a súa formación estritamente ao regulamentado nos artigos 165 a 167 do TRLRFL, cumprindo coas directrices emanadas e dotando de total cobertura aos contratos, actuacións estratéxicas, compromisos e ao normal desenvolvemento dos servizos públicos.

En uso das competencias delegadas pola Resolución da Alcaldía do 29 de xuño de 2023 e do 25 de setembro de 2025, proponse ao Pleno da Corporación, previo acordo da Xunta de Goberno Local e Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2027, integrado por:

- Orzamento da Entidade Local.
- Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO, LISTE e CONVENTION BUREAU.

A clasificación e ordenación dos recursos e empregos e a seguinte:

Resume por capítulos de ingresos e gastos.

Comparativo de gastos e ingresos por capítulos.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2186/1102

Comparativo por Áreas de Gastos.

Comparativo por Políticas de Gastos.

Clasificación por programas de gastos e partidas .

Clasificación económica de ingresos por subconceptos.

Todos os estados orzamentarios están referidos á Entidade e aos estados consolidados.

Achégase a información completa referida igualmente ao Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo co mesmo nivel de detalle que o expresado para o Concello e para os estados consolidados, cuxo documento está incorporado a este expediente nun documento único.

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2027 e COMPARATIVA CO ANO 2026, Entidade

	ORZAMENTO DA ENTIDADE CONCELLO DE VIGO					
CAPÍTULOS	GASTOS		Variación %	INGRESOS		Variación %
	2026	2027		2026	2027	
1	81.425.134,17	86.781.524,54	6,58 %	127.979.057,93	129.688.358,85	1,34 %
2	174.131.019,70	181.819.076,42	4,42 %	15.094.806,64	17.599.331,20	16,59 %
3	60.530,00	60.530,00	0,00 %	48.336.339,02	48.820.192,00	1,00 %
4	44.748.463,86	50.073.136,71	11,90 %	125.718.881,45	145.283.391,98	15,56 %
5	600.000,00	600.000,00	0,00 %	5.593.500,00	6.245.770,34	11,66 %
G/I corrt. N.F	300.965.147,73	319.334.267,67	6,10 %	322.722.585,04	347.637.044,37	7,72 %
6	42.401.895,61	36.967.804,98	-12,82 %	0,00	0,00	0,00 %
7	1.500.151,00	1.945.151,00	29,66 %	22.144.609,30	10.610.179,28	-52,09 %
G/I Cap. N.F	43.902.046,61	38.912.955,98	-11,36 %	22.144.609,30	10.610.179,28	-52,09 %
Total G/I N.F	344.867.194,34	358.247.223,65	3,88 %	344.867.194,34	358.247.223,65	3,88 %
8	500.000,00	500.000,00	0,00 %	500.000,00	500.000,00	0,00 %
9	0,00	0,00	0,00 %	0,00	0,00	0,00 %
G/I Financeiro	500.000,00	500.000,00	0,00 %	500.000,00	500.000,00	0,00 %
Total G/I	345.367.194,34	358.747.223,65	3,87 %	345.367.194,34	358.747.223,65	3,87 %

S.ext.urx. 20/10/2026

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA DE GASTOS E INGRESOS 2027 e COMPARATIVA CO ANO 2026, XMU

	ORZAMENTO DO OA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO					
CAPÍTULOS	GASTOS		Variación %	INGRESOS		Variación %
	2026	2027		2026	2027	
1	6.682.473,83	7.106.690,48	6,35 %	0,00		0,00 %
2	2.800.002,01	2.773.998,00	-0,93 %	0,00		0,00 %
3	0,00		0,00 %	2.507.600,00	3.271.600,00	30,47 %
4	0,00		0,00 %	6.484.875,84	6.764.400,00	4,31 %
5	0,00		0,00 %	905.000,00	905.000,00	0,00 %
G/I corrt. N.F	9.482.475,84	9.880.688,48	4,20 %	9.897.475,84	10.941.000,00	10,54 %
6	2.054.814,77	2.728.293,52	32,78 %	671.832,77	700.000,00	0,00 %
7	220.000,00	220.000,00	0,00 %	1.187.982,00	1.187.982,00	0,00 %
G/I Cap. N.F	2.274.814,77	2.948.293,52	29,61 %	1.859.814,77	1.887.982,00	1,51 %
Total G/I N.F	11.757.290,61	12.828.982,00	9,12 %	11.757.290,61	12.828.982,00	9,12 %
8	32.000,00	32.000,00	0,00 %	32.000,00	32.000,00	0,00 %
9	0,00		0,00 %	0,00	0,00	0,00 %
G/I Financeiro	32.000,00	32.000,00	0,00 %	32.000,00	32.000,00	0,00 %
Total G/I	11.789.290,61	12.860.982,00	9,09 %	11.789.290,61	12.860.982,00	9,09 %

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA GASTOS-INGRESOS, ESTADOS CONSOLIDADOS segundo TRLRFL (entes con orzamento limitativo), COMPARATIVO 2027-2026 (Inclúe Entidade Local e XMU)

	ORZAMENTO CONSOLIDADO DOS ENTES CON ORZAMENTO LIMITATIVO					
CAPÍTULOS	GASTOS		Variación %	INGRESOS		Variación %
	2026	2027		2026	2027	
1	88.107.608,00	93.888.215,02	6,56 %	127.979.057,93	129.688.358,85	1,34 %
2	176.931.021,71	184.593.074,42	4,33 %	15.094.806,64	17.599.331,20	16,59 %
3	60.530,00	60.530,00	0,00 %	50.843.939,02	52.091.792,00	2,45 %
4	38.475.463,86	43.523.136,71	13,12 %	125.930.757,29	145.497.791,98	15,54 %
5	600.000,00	600.000,00	0,00 %	6.498.500,00	7.150.770,34	10,04 %
G/I corrt. N.F	304.174.623,57	322.664.956,15	6,08 %	326.347.060,88	352.028.044,37	7,87 %
6	44.456.710,38	39.696.098,50	-10,71 %	671.832,77	700.000,00	0,00 %
7	1.720.151,00	2.165.151,00	25,87 %	23.332.591,30	11.798.161,28	-49,43 %
G/I Cap. N.F	46.176.861,38	41.861.249,50	-9,35 %	24.004.424,07	12.498.161,28	-47,93 %
Total G/I N.F	350.351.484,95	364.526.205,65	4,05 %	350.351.484,95	364.526.205,65	4,05 %
8	532.000,00	532.000,00	0,00 %	532.000,00	532.000,00	0,00 %
9	0,00	0,00	0,00 %	0,00	0,00	0,00 %
G/I Financeiro	532.000,00	532.000,00	0,00 %	532.000,00	532.000,00	0,00 %
Ax.Consoli. XMU	-6.273.000,00	-6.550.000,00	4,42 %	-6.273.000,00	-6.550.000,00	4,42 %
Total G/I	350.883.484,95	365.058.205,65	4,04 %	350.883.484,95	365.058.205,65	4,04 %

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

CONCELLO DE VIGO

Expte. 2186/1102

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL ESTADOS CONSOLIDADOS (entes con orzamento limitativo), COMPARATIVO 2027-2026

Inclúe Entidade Local e XMU

Areas	ORZAMENTO POR ÁREAS DE GASTO					
	Entidade			Consolidado Entes Orz. Limitativo		
	2026	2027	Variación %	2026	2027	Variación %
0	0,00	0,00	0,00 %	0,00	0,00	0,00 %
1	161.769.097,40	171.540.014,78	6,04 %	167.285.388,01	177.850.996,78	6,32 %
2	36.466.783,41	38.233.029,66	4,84 %	36.466.783,41	38.233.029,66	4,84 %
3	63.630.067,26	64.880.797,08	1,97 %	63.630.067,26	64.880.797,08	1,97 %
4	28.105.767,69	34.796.694,44	23,81 %	28.105.767,69	34.796.694,44	23,81 %
9	55.395.478,58	49.296.687,69	-11,01 %	55.395.478,58	49.296.687,69	-11,01 %
Total	345.367.194,34	358.747.223,65	3,87 %	350.883.484,95	365.058.205,65	4,04 %

AXUSTES E CONSOLIDACIÓN

XMU		Liste		MARCO		VCB	
4	7	4	7	4	7	4	7
-6.550.000,00	0,00	-137.000,00	0,00	-800.000,00	-80.000,00	-500.000,00	0,00

FUNDACIÓNS QUE FORMAN PARTE DO PERÍMETRO DE CONSOLIDACIÓN

MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEO (MARCO)

	GASTOS		Variación %	Concepto	INGRESOS		Variación %
Concepto	2026	2027			2026	2027	
Gastos persoal	412.510,00	429.770,00	4,18 %	Doazós e Subv.	1.020.000,00	1.050.000,00	2,94 %
Produc. Expos. E Public.	202.240,00	153.230,00	-24,23 %	Ing. Xerados	105.000,00	109.000,00	3,81 %
C.eléctrico	105.000,00	105.000,00	0,00 %	Outros ingresos		97.670,00	0,00 %
Servizo de salas	140.000,00	170.000,00	21,43 %	Subv.capitla	125.000,00	80.000,00	-36,00 %
Mantementos	60.000,00	72.000,00					
Outros gastos de explotacón	178.000,00	183.000,00					
Investimentos/2027	125.000,00	80.000,00					
Reinversión patios/2026	0,00	97.670,00					
Amortización	26.000,00	46.000,00					
G. Financeiros	1.250,00	0,00	0,00 %				0,00 %
Total G/I	1.250.000,00	1.336.670,00	6,93 %		1.250.000,00	1.336.670,00	6,93 %

S.ext.urx. 20/10/2026

FUNDACIÓN LISTE

	GASTOS		Variación %	Concepto	INGRESOS		Variación %
Concepto	2026	2027			2026	2027	
Gastos persoal	97.977,82	98.089,39	0,11 %	Doazós e Subv.	127.000,00	137.000,00	7,87 %
Rep/Conserv/S.Profes.	21.782,00	29.910,61	37,32 %	Ing. Xerados	5.500,00	5.500,00	0,00 %
Outros	0,00	0,00	0,00 %	Outros ingresos			0,00 %
Activ. E difusión	12.290,18	14.000,00	0,00 %	Subv.capitla	0,00		0,00 %
G. Financeiro	450,00	500,00	0,00 %				0,00 %
Total G/I	132.500,00	142.500,00	7,55 %		132.500,00	142.500,00	7,55 %

FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU

	GASTOS		Variación %	Concepto	INGRESOS		Variación %
Concepto	2026	2027			2026	2027	
Gastos persoal	215.091,26	209.025,38	-2,82 %	Doazós e Subv.	500.000,00	500.000,00	0,00 %
Acc. De promoción	512.008,74	505.649,62	-1,24 %	Ing. Xerados	19.000,00	19.675,00	3,55 %
Publici/e promoción	14.900,00	18.000,00	0,00 %	Outros ingresos	275.000,00	275.000,00	0,00 %
Subvencións	7.000,00	7.000,00	0,00 %	Subv.capitla	0,00		0,00 %
Consumos /Explot.	45.000,00	55.000,00	0,00 %				0,00 %
Total G/I	794.000,00	794.675,00	0,09 %		794.000,00	794.675,00	0,09 %

ORZAMENTO COMPARATIVO DO GRUPO DE CONSOLIDACIÓN SEGUNDO Lei Orgánica 2/2012

	ORZAMENTO CONSOLIDADO DOS ENTES DO GRUPO, Lei Orgánica 2/2012					
CAPÍTULOS	GASTOS		Variación %	INGRESOS		Variación %
	2026	2027		2026	2027	
1	88.833.187,08	94.625.099,79	6,52 %	127.979.057,93	129.688.358,85	1,34 %
2	178.248.242,63	185.944.864,65	4,32 %	15.094.806,64	17.599.331,20	16,59 %
3	62.230,00	61.030,00	-1,93 %	51.248.439,02	52.598.637,00	2,63 %
4	37.085.463,86	42.093.136,71	13,50 %	126.180.757,29	145.747.791,98	15,51 %
5	600.000,00	600.000,00	0,00 %	6.498.500,00	7.150.770,34	10,04 %
G/I corrt. N.F	304.829.123,57	323.324.131,15	6,07 %	327.001.560,88	352.784.889,37	7,88 %
6	44.581.710,38	39.873.768,50	-10,56 %	671.832,77	700.000,00	0,00 %
7	1.595.151,00	2.085.151,00	30,72 %	23.332.591,30	11.798.161,28	-49,43 %
G/I Cap. N.F	46.176.861,38	41.958.919,50	-9,13 %	24.004.424,07	12.498.161,28	-47,93 %
Total G/I N.F	351.005.984,95	365.283.050,65	4,07 %	351.005.984,95	365.283.050,65	4,07 %
8	532.000,00	532.000,00	0,00 %	532.000,00	532.000,00	0,00 %
9	0,00	0,00	0,00 %	0,00	0,00	0,00 %
Total Gasto/I Financeiro	532.000,00	532.000,00	0,00 %	532.000,00	532.000,00	0,00 %
Total G// sen Axustes consol.	351.537.984,95	365.815.050,65	4,06 %	351.537.984,95	365.815.050,65	4,06 %
Ax.Consolidación XMU	-6.273.000,00	-6.550.000,00	4,42 %	-6.273.000,00	-6.550.000,00	4,42 %
Ax.Consolidación MARCO	-895.000,00	-880.000,00	-1,68 %	-895.000,00	-880.000,00	-1,68 %
Ax.Consolidación VCB	-500.000,00	-500.000,00	0,00 %	-500.000,00	-500.000,00	0,00 %
Ax.Consolidación LISTE	-127.000,00	-137.000,00	7,87 %	-127.000,00	-137.000,00	7,87 %
Total G/I	351.537.984,95	365.815.050,65	4,06 %	351.537.984,95	365.815.050,65	4,06 %

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

SEGUNDO.- Aprobar as Bases de Execución que rexerán para a Entidade Local e a Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa redacción definitiva adaptada tras os informes da Tesourería e o informe definitivo do Órgano Interventor do 19 de outubro de 2026, coa salvedade daquela regulación específica da que se dote o citado Organismo Autónomo para o exercicio das súas competencias.

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo, adaptadas á singularidade administrativa e operativa deste ente.

CUARTO.- Aprobar o Cadro de Persoal da Entidade Local e da Xerencia Municipal de Urbanismo para o ano 2027, como instrumentos clave para a dotación, ordenación e optimización dos recursos humanos que prestan servizo á cidadanía, no que se inclúe a creación e dotación da praza reservada a FHN para o Titular do Órgano de Xestión Orzamentaria e Contabilidade.

QUINTO.- Aprobar o Plan de Investimento-Financiamento 2027-2030, concibido como un marco estratéxico plurianual para a sostibilidade da transformación urbana da cidade. Este plan quedará suxeito aos axustes anuais pertinentes e á súa correspondente actualización ao longo de dito período.

SEXTO.- Dar conta do informe emitido pola Intervención Xeral referente ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, que abarca tanto o sector das Administracións Públicas como o sector de sociedades non financeiras, en estrito cumprimento do artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007.

SÉTIMO.- Someter o presente expediente aos trámites preceptivos de información e exposición pública, consonte co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

OITAVO.- Determinar que o expediente considerarase definitivamente aprobado no caso de non se presentaren reclamacións durante o citado prazo de exposición pública. Neste suposto, o acordo de aprobación inicial elevarase automaticamente a definitivo, entrando en vigor unha vez se publique na forma prevista no número 3 do artigo 169 do TRLRFL. De presentarse reclamacións, o Pleno disporá dun prazo dun mes para a súa resolución, contado a partir do día seguinte á finalización do período de exposición ao público; entendéndose rexeitadas as mesmas, en calquera caso, se non son resoltas expresamente no acordo de aprobación definitiva, de conformidade co artigo 20 do Real Decreto 500/1990.

NOVENO.- En cumprimento do previsto no apartado seis do artigo 21 do RD 500/1990, establécese que o Orzamento definitivo que resulte aprobado para o exercicio 2027 retrotraerá os seus efectos ao un de xaneiro do dito ano, tendo os créditos nel consignados a consideración legal de créditos iniciais.

S.ext.urx. 20/10/2026

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado

DÉCIMO.- Prever expresamente que, no suposto de producirse alteracións no dereito positivo de aplicación —xa sexa por modificacións normativas ou por desenvolvementos legais ou regulamentarios sobrevindos—, o Pleno da Corporación acordará os axustes orzamentarios, de liquidación e contables que procedan. Deste xeito, garantirase a inmediata adecuación das magnitudes, créditos e conceptos á nova legalidade e á salvagarda do interese xeral.

O Pleno da Corporación pronunciarase sobre a presente proposta, formulada pola Concellería Delegada da Área de Orzamentos e Facenda, logo do preceptivo acordo da Xunta de Goberno Local e do ditame da Comisión Informativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás trece horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 30/10/2026 12:19:01

Documento asinado